



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, por medio da súa deputada Yolanda Díaz Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión I**, relativa á precariedade da situación do persoal de reforzo do xulgado de instrución 1 de Lugo.

Exposición de motivos

Cada pouco saltan as alarmas no xulgado de instrución número 1 de Lugo a causa do feble compromiso da Xunta co afortalamiento da administración de xustiza, de resultas do cal a situación do persoal de reforzo deste órgano xudicial vacila de mes en mes. A incertidume que rodea ás dúas funcionarias que actúan de reforzo no xulgado semella intolerable para o adecuado funcionamento deste xulgado.

Cómpre lembrar que este órgano encárgase da instrución da meirande causa de corrupción en Galicia. Así sucédense ordes verbais, comunicacións de protesta da xuíza, denuncias nos medios e contraordes dunha Xunta asediada polos casos de corrupción política-empresarial que protagonizan destacados representantes do PP; todo elo en detrimento da necesaria estabilidade deste órgano xudicial.

Cando cúmprese a data do 31 de marzo débese despexar toda dúbida ao respecto da continuidade deste persoal de reforzo no xulgado. Continuidade que non se pode dosificar con carácter mensual, continuidade que tense que prorrogar ate que resolva o TSXG o nomeamento dun xuíz de reforzo que permita liberar dos asuntos ordinarios á xuíza que instrúe a causa coñecida como operación Pokemon.



En atención ao sinalado, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión I:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a manter o persoal de reforzo no xulgado de instrución 1 de lugo ate que resolva o TSXG nomear un xuíz de reforzo para logo complementalo cun cadro de persoal equivalente a un xulgado de número, é dicir, tres xestores, tres tramitadores e un auxilio xudicial.

En Compostela, a 31 de marzo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 31/03/2015 13:16:44